

## CONTRATACIÓN

MLA

ReP: Acta servizo mantemento control tráfico informe solvencia

Asunto:

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DE TRÁFICO NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:00 horas do día 2 de xaneiro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola lma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abraira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora do Concello e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asiste ao acto público don Iñigo Autran, en representación de ELECTRONIC TRAFIC S.A, don Juan Carlos Costoya, en representación de TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A, don David Burgo, en representación de SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A e dona Silvia Baranda, en representación de INDRA SISTEMAS S.A.

Abre a sesión a Sra Presidenta da mesa de contratación e procédese por parte do Secretario a dar lectura ao informe técnico solicitado pola mesa e emitido polo xefe do servizo municipal de enxeñería sobre a valoración dos criterios de solvencia técnica incluídos nos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares en base aos cales se deberá seleccionar por parte do órgano de contratación ás empresas que superen a puntuación mínioma esixida e que serán invitadas a participar na segunda fase do procedemento restrinxido.

As puntuacións obtidas por parte das cinco empresas participantes son as seguintes:

- INDRA SISTEMAS S.A: 13,5 puntos.
- SICE: 14,5 puntos.
- ACISA: 14 puntos.
- TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A: 17,5 puntos.

CONTRATACIÓN

MLA

ReP: Acta servizo mantemento control tráfico informe solvencia

Asunto:


- ELECTRONIC TRAFIC S.A: 13,5 puntos.

Todas elas superan ampliamente a puntuación mínima esixida de 7 puntos polo que a mesa propon que sexan invitadas a participar na segunda fase do procedemento.

Sen mais que manifestar, concluese co asunto de referencia ás 13:20 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia-Méndez García



Asdo: Manuel Louzao